

**COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE CÍAS E OBRAS SOBRE VERQUIDO  
EFECTUADO POLO CONCELLO EN TERREOS DA COMUNIDADE DE MONTES DE  
REBOREDA**

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

O voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do contemplado nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a comparecencia do concelleiro de Vías e Obras para que dea explicacións oportunas sobre o verquido efectuado polo Concello en terreos da Comunidade de Montes de Reboreda.

O concelleiro Vilaboa Figueroa dí que foi un acopio de terras e non un verquido como dixeron, terra que leva abono, cuxa orixe é da limpeza das cunetas de camiños de Reboreda. Hai un mes pediuse permiso verbal á comunidade de montes e non puxo ningún problema, respostando afirmativamente que podían depositar en terreos da comunidade. Logo levouse a un predio de Reboreda, e que no seu día a presidenta da comunidade de montes non puxo ningún problema e que todo o que se dí é mentira.

O concelleiro Varela Couñago dí que non pode votar a terra sen xestionar primeiro por escrito á comunidade de montes e solicitar as autorizacións pertinentes, e así evitar sancións ou multas.

O concelleiro Vilaboa Figueroa resposta que isto se fai e fixo con todas as parroquias do municipio, volvendo a incidir que toda a directiva da comunidade de montes estaba de acordo e que falou coa presidenta e dixera que sí, así como o presidente da asociación de vecinos, o cal esinoulle o predio onde votar as terras.